HIPHOP

O GALEGO: A NOSA VANTAXE

BANDA DESEÑADA

FANTASMAS FAMILIARES

"MONÓLOGOS" (Día das Letras Galegas)

ANPA Os Pazos

I.E.S. María Casares

Avda. Che Gevara 140

15178 Lians - Oleiros

www.anpaospazos.es

info@anpaospazos.es

Actividades culturais 2013

ANPA Os Pazos

Coa colaboración da

Deputación DA CORUÑA

ACTIVIDADES CULTURAIS 2013

Dende a ANPA OS PAZOS entendemos que a oferta de actividades para alumn@s do centro debe ser un complemento educativo enriquecedor do currículo escolar, sen perder de vista o factor do lecer do alumn@. Polo que este ano decidimos desenvolver, en colaboración co centro as seguintes actividades:

Obradoiro de HIPHOP

Duración: obradoiros de 2 horas para 4 grupos. Está previsto realizalo a partir do mes de setembro de 2013.

Céntrase no rap como técnica lingüística e ferramenta comunicativa, que axuda a romper estereotipos e abre campos de uso da lingua galega.

Preséntase nun formato de relatorio e obradoiro e será impartido por Serxio Regos, membro do grupo "Dios ke te crew", que fai un percorrido pola historia do hip hop e a través da participación dos alumnos e alumnas vai creando letras para seren logo interpretadas polos seus autores.

Día das Letras Galegas

Co gallo do Día das Letras Galegas, que este ano homenaxea a **Roberto Vidal Bolaño**, fíxose una representación e coloquio sobre este autor para el alumnado de 2º BAC. Título: "Monólogos" do espectáculo de Feirantes.

BANDAS DESEÑADAS

Desenvolvéronse, cos alumnos de 1º da ESO.

A actividade consiste nunha introdución teórica sobre os principios básicos do debuxo do cómic: estrutura, planos, características textuais etc.

O obxectivo da actividade é potenciar a creatividade do alumnado, introducir aos rapaces na linguaxe, textual e gráfica, do cómic e achegalos á banda deseñada e á novela gráfica.

Obradoiro: "O GALEGO, A NOSA VANTAXE"

Actividade prevista para o alumnado de 4º da ESO. Está previsto realizalo a partir do mes de setembro de 2013.

Será impartido por técnicos de AGAL, para mostrar a alumnos e alumnas do noso sistema educativo que o galego é unha entrada privilexiada para acceder ao mundo en portugués ao tempo que supón vantaxe competitiva no cadro español e europeo.

Tamén pretende fornecer recursos (musicais, de cinema, xornais, ebooks, xogos…) para que poidan seren autónomas na aprendizaxe.

Obxectivos específicos:

- Achegar o alumnado ao mundo lusófono (aspectos culturais e económicos).
- Mostrar a vantaxe competitiva das persoas galegofalantes.
- Promover o uso da lingua entre a mocidade.
- Ensinar que a maioría do léxico en galego e portugués é común.

Teatro: FANTASMAS FAMILIARES

O 23 de abril, tivo lugar no Teatro Colón da Coruña, a obra de teatro "Fantasmas familiares" representada por Quico Cadaval.

Desde a ANPA financiouse o transporte para todos os alumn@s que asistiron. Así mesmo tamén se financiou o custo da entrada para os socios/as da ANPA.

Con esta actividade poténciase o uso do galego en ámbitos novedosos e con actividades atractivas para adolescentes; mellorar o manexo do idioma e o dominio do vocabulario en contextos creativos.